

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AXENDA INSTITUCIONAL DE ALTOS CARGOS DA XUNTA DE GALICIA PARA HOXE, VENRES, 22 DE MAIO DE 2026

PRESIDENCIA

LAS PALMAS DE GRAN CANARIA

Convocatoria en hora local, 11,00 h. en Galicia

12,00 h.- O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, visitará a asociación Casa de Galicia de Las Palmas de Gran Canaria.

Convocatoria en hora local, 13,00 h. en Galicia

14,00 h.- O titular do Goberno galego, Alfonso Rueda, participará ao almorzo institucional 'Canarias, Tierra Jacobea'.

TURISMO DE GALICIA

DOZÓN (Pontevedra)

11,30 h.- O director de Turismo de Galicia, Xosé Merelles, presentará o proxecto de rehabilitación da casa reitoral de Dozón para o futuro albergue de peregrinos.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DA CORUÑA

VILASANTAR (A Coruña)

10,00 h.- A delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, visitará a igrexa de Nosa Señora da Laxe.

A CORUÑA

14,15 h.- A delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, xunto ao director xeral de Comercio e Consumo, Gabriel Alén, asistirán ao *Día da Amizade* organizado pola Asociación de Amas de Casa, Consumidores e Usuarios da Coruña.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE FERROL

FERROL

- 12,00 h.-** A delegada territorial da Xunta en Ferrol, Martina Aneiros, asistirá ao acto militar de despedida do Xeneral Comandante da Forza de Protección da Armada, D. Manuel García Ortiz.
- 13,30 h.-** A delegada territorial da Xunta en Ferrol, Martina Aneiros, presidirá a homenaxe ao persoal xubilado da Delegación Territorial de Ferrol.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

LUGO

- 09,15 h.-** O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, participará na presentación da carreira solidaria *Memorial Profe Alberto*.
- 09,45 h.-** O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, participará na presentación do festival de música tradicional *Zumbanocoiro*.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE OURENSE

OURENSE

- 11,50 h.-** O delegado territorial da Xunta de Galicia en Ourense, Manuel Pardo, recibirá aos membros da directiva do Verín Club de Fútbol polo ascenso a Preferente Futgal.
- 18,00 h.-** O delegado territorial da Xunta de Galicia en Ourense, Manuel Pardo, asistirá ao acto académico de graduación do alumnado da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

RIBADUMIA (Pontevedra)

- 19,00 h.-** O delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Agustín Reguera, participará na recepción dos equipos participantes na fase final do torneo internacional alevín AF7.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE VIGO

VIGO

- 18,30 h.-** A delegada territorial da Xunta de Galicia en Vigo, Ana Ortiz, asistirá á audición do *Talent Show Megaestrelas*.
- 19,30 h.-** A delegada territorial da Xunta de Galicia en Vigo, Ana Ortiz, asistirá á recepción oficial dos participantes na regata *La Solitaire du Figaro*.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

RIBADAVIA (Ourense)

- 10,00 h.-** O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, **Diego Calvo**, acompañado da directora xeral de Administración Local, Natalia Prieto, e do delegado territorial da Xunta en Ourense, Manuel Pardo, visitará as actuacións de mellora levadas a cabo no centro deportivo municipal *O Consello* con apoio da Xunta a través das achegas para actuacións de carácter estratéxico.

A ESTRADA (Pontevedra)

- 17,00 h.-** O director xeral de Emerxencias e Interior, Santiago Villanueva, participa no Día das Familias co alumnado da 18ª promoción de Policía Local que se está a formar na Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

SOBER (Lugo)

- 11,00 h.-** A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, **Ángeles Vázquez**, acompañada do delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, visitará actuacións acometidas no miradoiro da Pena do Conde.

MUÍÑOS (Ourense)

- 13,30 h.-** A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, **Ángeles Vázquez**, acompañada do delegado territorial da Xunta en Ourense, Manuel Pardo, participará nalgunhas actividades organizadas no marco da xornada de convivencia de persoal dos parques galegos con motivo da celebración do Día Europeo dos Parques Naturais o vindeiro domingo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

SANTIAGO DE COMPOSTELA

10,00 h.- O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, **Román Rodríguez**, visitará as actividades científicas con motivo da eclipse realizadas nos Polos Creativos.

CIDADE DA CULTURA

11,00 h.- O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, **Román Rodríguez**, asinará un acordo de colaboración co vicepresidente do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), Carlos Closa, para a contratación dun investigador Oportunius. Tamén asistirán ao acto a directora da Axencia Galega de Innovación, Carmen Cotelo, e a delegada do CSIC en Galicia, Carmen González.

BECERREÁ (Lugo)

13,15 h.- O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, **Román Rodríguez**, acompañado pola delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, visitará o Instituto de Becerreá.

OURENSE

18,30 h.- O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, **Román Rodríguez**, participará no acto académico de graduación do alumnado da Facultade de Ciencias Empresarias e Turismo.

OURENSE

09,30 h.- A directora xeral de Formación Profesional, Eugenia Pérez, inaugurará as III Xornadas de química.

MOAÑA (Pontevedra)

12,30 h.- A directora da Axencia Galega de Innovación, Carmen Cotelo, participará na visita á Unidade Mixta de Investigación entre CSIC, Octolarvae e o Instituto para o Crecemento Sostible da Empresa.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

CARBALLO (A Coruña)

11,30 h.- A conselleira de Política Social e Igualdade, **Fabiola García**, visitará as novas instalacións do centro de día de Aspaber.

12,45 h.- A conselleira de Política Social e Igualdade, **Fabiola García**, visitará as novas instalacións da asociación de familiares de persoas con alzhéimer Afaber.

OLEIROS (A Coruña)

10,30 h.- O director xeral de Inclusión Social, Arturo Parrado, asistirá á inauguración da xornada de *Responsabilidade Social Empresarial Inclusivxs Colectivos*.

LUGO

16,30 h.- O director xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, Antón Acevedo, participará no XXXVI Congreso de Xeriatría e Xerontoloxía.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

TORDOIA (A Coruña)

12,00 h.- A conselleira de Economía e Industria, **María Jesús Lorenzana**, realizará unha visita á empresa TMC Cancela.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

FERROL

19,00 h.- O conselleiro de Facenda e Administración Pública, **Miguel Corgos**, xunto coa delegada da Xunta en Ferrol, Martina Aneiros, e o director xeral de Cultura, Anxo M. Lorenzo, participarán na entrega de premios Galicia Ártabros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

VIGO

13,00 h.- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **María Martínez Allegue**, xunto coa delegada territorial da Xunta en Vigo, Ana Ortiz, asistirá á presentación do libro *XX anos reconstruíndo o corazón da cidade*.

CARTELLE (Ourense)

10,30 h.- A directora da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU), Victoria Núñez, visitará o CEIP de Cartelle, onde se están a desenvolver actividades do *Proxecto Terra*.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

SAN LÁZARO

11,50 h.- O conselleiro de Sanidade, **Antonio Gómez Caamaño**, participará, de xeito telemático, na reunión do Pleno do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

SAN CAETANO

9,45 h.- O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, **José López Campos**, reunirse coa alcaldesa de Trazo, Josefina Suárez.

10,30 h.- O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, **José López Campos**, reunirse co alcalde de Celanova, Antonio Puga.

11,00 h.- O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, **José López Campos**, reunirse coa alcaldesa de Boimorto, María Jesús Novo.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

12,00 h.- O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, **José López Campos**, acompañado polo director xeral de Cultura, Anxo M. Lorenzo, inaugurará a exposición *Misha Bies Golas*.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Previamente, ás 10,30 horas, celebrarase unha visita guiada só para redactores.

11,00 h.- O secretario xeral da Lingua, Valentín García, participará na presentación da fase de votación da XIX edición do Premio de Novela Europea Casino de Santiago.

A CORUÑA

12,00 h.- O director da Axencia Galega das Industrias Culturais, Jacobo Sutil, asistirá ao peche do programa de profesionalización musical *Interritmos*.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

17,00 h.- O director xeral de Cultura, Anxo M. Lorenzo, participará na inauguración da exposición *ESPAZO IMPREVISTO*.

VALENÇA (Portugal)**Convocatoria en hora local, 18,00 h. en Galicia**

17,00 h.- A directora xeral de Xuventude, Lara Meneses, asistirá ao encontro Desafíos Jovens.

O ROSAL (Pontevedra)

19,00 h.- A directora xeral de Xuventude, Lara Meneses, asistirá á inauguración da exposición *De avoas a netas*.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

20,00 h.- O secretario xeral da Lingua, Valentín García, participará na presentación do libro *Manuel Fraga, una biografía intelectual*, de Jesús Trillo-Figueroa.

O PORRIÑO (Pontevedra)

21,00 h.- O director da Axencia Galega das Industrias Culturais, Jacobo Sutil, asistirá ao acto de colocación da Estrela de Jaione Camborda no Festival de Cans.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

MADRID

11,00 h.- O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, **José González**, acompañado pola directora xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, Zeltia Lado, manterá un encontro coa secretaria xeral de Formación Profesional, Esther Monterrubio.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

A CORUÑA

12,00 h.- A conselleira do Medio Rural, **María José Gómez**, acompañada polo director xeral de Defensa do Monte, Manuel Francisco; e pola delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo; inaugurará o foro *Prevención de incendios forestais, unha tarefa compartida*, organizado polo Grupo Editorial El Ideal Gallego.

O SAVIÑAÑO (Lugo)

20,00 h.- A conselleira do Medio Rural, **María José Gómez**, participará na conferencia coloquio *Entre a tradición e a innovación. Retos de mercado* que organiza o Círculo Saviñaño.

SAN LÁZARO

09,30 h.- O director xeral de Defensa do Monte, Manuel Francisco, presidirá a comisión de seguimento do convenio para a xestión da biomasa nas faixas secundarias asinado entre a Consellería do Medio Rural e Seaga.

CUALEDRO (Ourense)

11,00 h.- A directora xeral de Planificación e Ordenación Forestal, Luisa Piñeiro, manterá unha reunión coas comunidades de montes nas que se van levar a cabo actuacións de restauración tralos incendios do pasado verán.

SAN SADURNIÑO (A Coruña)

11,00 h.- O director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, José Balseiros, visitará as instalacións de Granxa A Esperanza de Bico de Xeado.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RIOTORTO (Lugo)

15,00 h.- A directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Paz Rodríguez, asistirá aos actos con motivo da festividade de Santa Rita.

CONSELLERÍA DO MAR**MALPICA DE BERGANTIÑOS (A Coruña)**

11,00 h.- A conselleira do Mar, **Marta Villaverde**, visitará a empresa acuícola Mariscos Ostreira.

SADA (A Coruña)

11,45 h.- O presidente de Portos de Galicia, José Antonio Álvarez, participará na inauguración das novas instalacións para remo-mar, vela lixeira e usuarios con mobilidade reducida do Club Náutico.

BUEU (Pontevedra)

12,30 h.- A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, Ángeles V. Suárez, participará no acto de *Homenaxe á Muller do Mar*, organizado pola confraría.